

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

13348 *Real decreto 933/2013, do 29 de novembro, polo que se modifica o Estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, aprobado polo Real decreto 188/2013, do 15 de marzo.*

Desde a súa creación o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía procurou a integración da sociedade civil no seu funcionamento. Neste contexto, o artigo 4 da Lei 34/2011, do 4 de outubro, reguladora do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, establece como un dos órganos reitores do Museo o Real Padroado. En desenvolvemento desta lei, o Real decreto 188/2013, do 15 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, no seu artigo 6.2 fixa unha composición con 9 vogais natos e até 21 vogais designados.

Coa vontade de garantir esta presenza da sociedade civil, o presente real decreto engadirá un novo vogal nato e, en correspondencia, diminuirá o número de vogais designados. Trátase de fixar de maneira permanente que ao menos un dos vogais natos pertencerá a unha organización non gobernamental. Neste caso, pola súa traxectoria e especial vinculación ao Museo, escolleuse a Real Asociación de Amigos do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

Por outro lado, modifícase a composición da Comisión Permanente do Real Padroado, ampliando de dous até un máximo de seis os vogais designados polo Pleno, para gañar en representatividade nas súas decisións.

Por iniciativa do ministro de Educación, Cultura e Deporte e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de novembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, aprobado polo Real decreto 188/2013, do 15 de marzo.*

O Estatuto do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, aprobado polo Real decreto 188/2013, do 15 de marzo, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo número, o 8, á alínea a) do artigo 6.2, nos seguintes termos:

«8. A persoa titular da presidencia da Real Asociación de Amigos do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.»

Dous. A alínea b) do artigo 6.2 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Vogais designados:

O resto de vogais, até un máximo de 20, terán a condición de vogais designados e serán nomeados e separados pola persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte entre persoas de recoñecido prestixio ou competencia en asuntos relacionados coa cultura e as artes plásticas ou que se distinguisen polos seus servizos ou axudas ao Museo, tendo en conta a presenza equilibrada de mulleres e homes. Poderanse nomear entre eles persoas físicas ou representantes das institucións públicas ou privadas que realicen contribucións de calquera natureza ao Museo ou ao cumprimento dos seus fins, incluídas as doazóns ou achegas económicas.

Os vogais designados desempeñarán as súas funcións por un período de tres anos contados desde a data dos seus respectivos nomeamentos. O mandato poderá ser renovado, até dúas veces, por períodos de igual duración. Os vogais designados cesarán ao termo do seu mandato ou por renuncia, revogación do mandato, falecemento ou incapacidade.»

Tres. A alínea b) do artigo 6.4 queda redactada nos seguintes termos:

«b) A Comisión Permanente está composta polo presidente e vicepresidente do Real Padroado, a persoa titular da Secretaría de Estado de Cultura, a persoa titular da Subsecretaría de Educación, Cultura e Deporte, o director do Museo, o subdirector xerente e até seis vogais designados polo Pleno. A persoa titular da Secretaría de Estado de Cultura poderá ser substituída pola persoa titular da Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais e Arquivos e Bibliotecas, quen, en calquera outro caso, poderá tamén asistir ás sesións daquela, con voz pero sen voto.»

Disposición adicional única. *Non incremento do gasto.*

A entrada en vigor do presente real decreto non suporá incremento ningún do gasto público e será atendida cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de novembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO